

# MOMENTO PARA AS MELLORAS

DE TÓDALAS ESTACIÓNS DE AUTOBUSES QUE ACOLLEN A RUTA LUGO-MADRID, A DE LUGO É A QUE ESTÁ EN PEOR ESTADO. FÁLASE DA POSIBILIDADE DUN IMPORTANTE PROXECTO DE MELLORA POR PARTE DA XUNTA E XA HOUBO VISITAS



POR FRANCISCO RIVERA CELA

## SÁBADO, 19. PROCESIÓNS

► Estiven nas procesións do venres, tanto na da tarde, na que coincidiron tódalas confrarías, como na da noite, a das Caladiñas. A da tarde habería que organizala un pouco mellor. Estiven na Rúa Conde Palleares, fronte ao que foi a Gran Bretaña, e os paróns do desfile pasaron de castaño escuro. Na das Caladiñas houbo moi poucas caladiñas. Noutros tempos non moi afastados había miles. Onte, se chegaban a cen...

► Á marxe da festa relixiosa, arredor das 10 da noite había pola Praza do Campo un especial ambiente, ao que non era alieo un grupo de pandereiteiros e bailaríns máis ou menos improvisados, que reuniron na súa contorna a ducias de persoas. Alí estiven con Luís Latorre, que estaba con varios amigos de Cantabria. ¿Sabem de que falamos? Falamos de anchoas, de queixo e de que Luís coñeceunos nunha viaxe a Túnez e que desde entón coincidiran en varias máis.

► Mentras na televisión daban imaxes do partido Atlético de Madrid-Elche, saudei a Sanjurjo, dianteiro centro primeiro do Lugo e máis tarde, do Atlético de Madrid: eran os anos 60. Agora Sanjurjo dedícase con éxito á hostalería na capital de España. Vén con frecuencia a Lugo e non quería perderse o partido coa Ponferradina.

► Un turista que viña da zona de Monforte, por Sarria, estaba impresionado polos centenaes de cegoñas que víra por esas terras próximas a Lugo. Na estrada de Sarria á capital, na maioría dos postes da luz ou de telefonía, hai un niño de cegoña. Para os amantes da natureza merece a pena darse unha volta por alí.

## DOMINGO, 20. ENCONTROS

► Saúdo ao doutor José Luis González López, deportivamente coñecido como 'Pili's' na súa época de xogador do Bregogán. Na actualidade é o xefe de traumatoloxía infantil do Gregorio Marañón e viaxou a Lugo a ver a súa familia e aos seus



José Luis González López (esquerda), Paco Roncero, Sánchez Carro e Vitaliano de la Cruz. AEP

amigos de aquí. Dime que hai unhas semanas veu a operar ao Hula e que se quedou impresionado das instalacións, e particularmente da zona de quirófanos na que el actuou: «Están á altura dos mellores».

► Un amigo que estivo o xoves na costa lucense: «O da praia das Catedrais é como unha romaría. Miles de persoas, tráfico complicado, atascos... Deberían tomar algunha determinación para organizar aquilo mellor».

## LUNS, 21. ALUGUERES

► A Lei de Arrendamentos Urbanos que permite actualizar os alugueres anteriores a 1985 vai cambiar substancialmente o panorama comercial do centro de Lugo. Ducias de establecementos clásicos, deses de toda a vida, van desaparecer ou trasladarse de sitio. Aqueles que tiñan máis posibilidades de seguir cuns bos resultados xa empezaron a alugar outros locais e seguirán facéndoo durante todo este ano. Outros moitos optarán polo pe-

che.

► Días pasados referíame a El Taller de los Sentidos, un proxecto gastronómico do chef Paco Roncero que funciona no Casino de Madrid. Pois este mesmo cocinheiro dirixirá os fogóns dun pequeno restaurante —12 comensais como máximo— dun hotel en Ibiza que será con diferenza o máis caro do mundo: 1.500 euros custará un menú pechado e sen viño. Ata agora, o restaurante máis caro da terra era un xaponés e non che-

gaba aos 500 euros por persoa. No considerado o mellor restaurante do mundo, o español Celler de Can Roca, dos irmáns Roca, o prezo do menú, sen viño, é de 180 euros.

## MARTES, 22. ESTACIÓNS

► De tódalas estacións de autobuses que acollen a ruta Lugo-Madrid, a da nosa cidade é sen dúbida a que se atopa en peor estado. Ten moitos anos encima —creo que se construíu nos 70— e neste tempo os investimentos en mantemento foron mínimos. O outro día, por exemplo, publicábase que as cámaras da instalación non estaban orientadas para a zona de pasaxeiros e, polo tanto, quedou sen constatar alí a presenza dun presunto delincuente. É un pequeno exemplo das carencias do lugar. ¿Solucións? Cóntame que recentemente estivo alí un equipo de técnicos enviado pola Xunta de Galicia. Tomaron datos e fálase da posibilidade dun importante proxecto de mellora. Unha cousa rara: parece ser que non se puxeron en contacto cos responsables da estación e polo tanto estes non puideron, por agora, deixar constancia do que consideran imprescindible e dos fallos que máis detectan.

## MÉRCORES, 23. VITA

► O ex xogador do CD Lugo Vitaliano de la Cruz, de nome deportivo 'Vita', que militou nas filas do equipo lucense alá polos anos 70, presentará aquí, no salón de sesións do Concello, o seu libro 'El teatro de los sueños', no que se refire a súa vida deportiva e dedica amplo espazo a súa etapa lucense, na que ademais iniciou os seus estudos de Filoloxía no colexio universitario. Retirado do fútbol e coa carreira terminada foi, ata a súa xubilación, profesor nun colexio privado de Madrid. Cando xogaba no Lugo era presidente García Pena, adestrador Manolín e conseguiu por vez primeira o ascenso a Segunda B. O libro xa o presentou en Madrid, actuando como mestres de cerimonias o director de As, Alfredo Relaño, e o ex porteiro internacional e do Real Madrid Butyo.

► Síntome un intre nunha terraza con Alfredo Sánchez Carro, que está con dous dos seus netos pequenos. O neno dime «xa se que parece que teño máis, pero só teño 7 anos» e logo engade que de maior quere ser «cocinero ou construtor». Alfredo, que foi o inventor da Festa do Augardente que se celebra en Portomarín e é o gran canciller da Orde da Alquitara, tamén ten no seu haber a posta en marcha das Xornadas Gastronómicas Lucenses e con elas crear a frase 'E para comer, Lugo'.

